

AVISO FITOSANITARIO *Gonipterus platensis* (Gurgullo do Eucalipto)

Gonipterus platensis é un coleóptero curculiónido defoliador de distintas especies de eucalipto, as máis afectadas son *E. globulus*, aínda que tamén afecta a *E. nitens*, *E. camaldulensis* e outras. Normalmente completa dúas xeracións ao ano.

Este gurgullo aliméntase das follas de eucalipto durante as distintas etapas do seu desenvolvemento. As larvas nas fases L1 e L2 aliméntanse da epiderme das follas, e nos estadios L3 e L4, como tamén na fase adulta aliméntanse de toda a folla. Os adultos consumen a folla polos bordos producindo o típico festoneado das follas, e as larvas realizan galerías dentro da folla.

Os danos prodúcense principalmente no terzo superior da árbore, e son máis habituais na primavera e en outono.

Actualmente o método de control máis eficaz contra esta praga baséase na loita biolóxica. Nos últimos anos realizouse a difusión controlada de *Anaphes nitens* Huber; que é o parasitoide específico dos ovos do gurgullo. As soltas realízanse nas épocas do ano de maior densidade de ootecas: primavera e en outono en menor número.




Este parasitoide actúa poñendo os seus ovos no interior das postas do gurgullo que se desenrolan a expensas dos ovos do defoliador, e da lugar á emerxencia dun novo individuo de *Anaphes nitens*.

Tras os primeiros inventarios de inverno, realizados pola Rede de Avisos Fitosanitarios, nos que se persigue coñecer a evolución da distribución xeográfica, dinámicas das poboacións e variacións do ciclo biolóxico anual, detectáronse as primeiras postas e a presenza de adultos apareándose.

A detección faise a través das postas frescas do defoliador, neste momento é cando se poden empezar a colocar as bolsas do parasito controlador de *Gonipterus platensis*. Esta primeira colocación do ano dura aproximadamente ata o mes de maio, e sempre que existan postas do gurgullo.

Nos últimos inventarios realizados pola Rede de Avisos Fitosanitarios, tamén se realizaron transectos para a detección da presenza de ootecas o que nos dará o momento de dar o aviso aos selvicultores do momento óptimo para realizar o tratamento.

DEFOLIACIÓN: ZONAS ESTABLECIDAS PARA A MOSTRAXE DE GONIPETUS PLATENSIS



Lenda

- Cuadrícula 16x16
- Parcelas de eucalipto da rede de avisos fitosanitarios

Zonificación

- A
- B
- C
- D

Zonificación: Partindo do grado de defoliación dos eucaliptos das parcelas da rede de muestreo, no ano 2017 estableceronse 4 zonas con un comportamento similar do ciclo biolóxico do *Gonipterus platensis*

TRANSECTO	ESPECIE	PROVINCIA	CONCELLO	PRESENZA OOTECAS
ZONA A	E. globulus	Lugo	Ribadeo e Barreiros	Baixa-media
ZONA C	E. globulus	A Coruña	Ordes	Baixa-media
ZONA D	E. globulus	Pontevedra	Pontevedra e Marín	Baixa-media

Hai presenza de ootecas frescas, adultos apareándose e xa se atoparon as primeiras fases larvárias.

Nas parcelas dos seguintes montes de xestión hai presenza de ootecas frescas de *Gonipteris platensis*. Na semana do 1 de abril ao 4 de abril colocaranse bolsas de ootecas parasitadas con *Anaphes nitens*, no seguinte monte:

PROVINCIA	CONCELLO	MONTE XESTIÓN
LUGO	Viveiro	Cutián

